

Coma ti.  
Coma eles.  
Eu tamén soñei.

Soñei con que ti, con que el, con que eles, saiban quen son.  
Quen fun.

A idea do futuro é perversa. Unha traballa e organiza a súa vida pensando na proxección do que desexa ser. Do que desexaba ser. Porque o desexo é moi escorregadizo. Coma as lampreas no río.

Unha selecciona amizades, casas, parellas, mascotas, ximnacios, roupa, *look*, e foto de perfil pensando nese horizonte de ser.

Porque:  
Quen non quere ser?  
A alternativa é non ser.

Hai un adverbio en galego que implica todo o que non podes ser. Xalundes. Significa: aquí non, noutro lugar. Ninguén o emprega hoxe en día porque non te podes permitir dubidar. Unha vez que entra a incerteza na túa vida, estás morta.

Para ser hai que ter a determinación de eliminar, de deixar de lado todo o que estorba e desvía da meta. Hai que ter a vontade. Esfuerzo. E pouca memoria.

Pero tamén hai que ter a determinación de ser bulímica, de ser obsesiva, detritos, de comer, sacrificar... De meterte en camas que non queres.

De sorrir.  
De sorrirte,  
de sorrirlles.  
Aínda que nin ti nin elas saibades por que sorrides.

Ti organizas a túa vida, as túas decisións, pensando nese horizonte de ser:

Ser eu.  
Non ti.

E un día unha chega aquí, a onde estou  
eu. E ti mírasme como eu mirei.  
E eles míranme coma se soubesen quen son.